



ANPE REXEITA A REDUCIÓN DE SOLDOS PARA O PROFESORADO

ANPE rexeita que se reduza nun 5% máis o soldo dun colectivo – o profesorado – que leva xa doce anos de conxelación salarial e non tivo nunca acceso aos fondos de pensións doutros funcionarios.

Os profesores españois son os únicos da OCDE cuxo soldo baixou nos últimos dez anos. Perderon máis dun 20% de poder adquisitivo, mentres no resto dos países da UE aumentaban as retribucións salariais do profesorado. Ademais - e tal como asinaron as centrais sindicais na Mesa Xeral da Función Pública - non tiveron nunca acceso ao fondo de pensións establecidas para o resto dos funcionarios nin cláusula de revisión salarial. As medidas de apoio ao profesorado contido na LOE que implican retribución económica non se puxeron nunca en marcha e o escaso nivel de investimento en educación – moi por debaixo da media da OCDE - que é unha constante no noso país, impediu tamén a consecución dun Estatuto Docente.

Anunciar agora que as retribucións se reducen un 5% supón unha inxustiza para os profesores que, en épocas de bonanza económica, viron como o seu soldo mantíñase sempre por debaixo do IPC e que, polo tanto, levan décadas de conxelación salarial, anticipando estas medidas de contención do gasto público nas súas nóminas mensuais.


O salario dos profesores é un indicador que ten maior calado do simplemente económico; mide tamén o recoñecemento social da tarefa docente e a importancia da educación nos intereses dos responsables públicos.

ANPE resérvase o dereito a pór en marcha todas as medidas de presión necesarias para defender as retribucións do profesorado.

ANPE Ourense, Secretaría de Comunicación

13/05/2010

1



ANPE Ourense S.I.

R. Progreso, 83 - 1º Ourense C.P. 32003

Tlfno. 988255852 Fax. 988391843

www.anpeourense.com www.defensordoprofesor.com